

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE XANEIRO DE 2012.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:08 horas do día 26 de xaneiro de 2012, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/ ANTERIORES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/12/2011, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observacións á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade acordou:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/12/2011.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL ADXUNTANDO RELACIÓN DE DEFICIENCIAS EXISTENTES NAS INSTALACIÓN SOLARES TÉRMICAS

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 79 con data 20/01/2012, no que adxunta relación de deficiencias existentes nas instalacións solares térmicas no campo de fútbol e piscina, que serán subsanadas pola Deputación unha vez rescindido o contrato á empresa Imega.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO 40% DO IMPORTE DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REPOSICIÓN DE MURO NA RÚA CAMPO DA IGREXA DE SANTIAGO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN FORMALIZADO CON DATA 21/07/2010

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de patrimonio e contratación, rexistro de entrada 1893 con data 30/12/2011, no que se comunica a aprobación do pago a este concello da cantidade de 5.600,50 €uros correspondente ao 40% do importe de

adxudicación das obras de REPOSICIÓN DE MURO NA RÚA CAMPO DA IGREXA DE SANTIAGO.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL XUSTIFICACIÓN GASTOS CORRENTES POS 2010

Pola secretaria dáse conta do escrito pola Deputación Provincial, servizo de plans provinciais, rexistro de entrada 1891 con data 30/12/2011, no que comunica que se considera suficiente a xustificación realizada por este concello dos pagos de gastos correntes realizados no 2010, dentro do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN LIBRAMENTO DA TOTALIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA DENTRO DO PROGRAMA DE TÉCNICOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO ANO 2011

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación, sección de cultura e deportes, rexistro de entrada 1892 con data 30/12/2011, no que se comunica a aprobación do pago a este concello da cantidade de 7.500 €uros (100%) da subvención concedida dentro do programa de técnicos deportivos municipais do ano 2011

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓNS DITADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO EN RELACIÓN COAS SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN DE INTERVENCIÓNS NO CAMIÑO DE SANTIAGO

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo Xefe do Servizo de Protección e Fomento xunto coa resolución dictada polo Director Xeral de Patrimonio Cultural, rexistro de entrada 66 con data 17/01/2012, en relación coas solicitudes de autorización de intervencións de tala de árbores no Camiño de Santiago:

Exped.	Interesado	Situación	Resultado do informe
2011/693	Manuel Graña Golán	Nonte Castro	Favorablemente
2011/483	Antonio Sánchez Ta-boada	Lugar das Corredoiras	Favorablemente
2011/663	Antonio Miguez López	Lugar das Lamas	Desfavorablemente

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA ADHESIÓN Á REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada polo consello de membros da rede de dinamización lingüística, rexistro de entrada 78 con data 19/01/2012, no que se ratifica a incorporación da entidade Concello de Boimorto á rede de Dinamización Lingüística.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DO ORGANISMO DE AUGAS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDOS DE AGUAS RESIDUAIS. CLAVE: DH.V15.29888

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada polo presidente de Augas de Galicia, rexistro de entrada 1889 con data 30/12/2011, no que se outorga ao Concello de Boimorto autorización de vertidos de augas residuais urbanas depuradas por infiltración no terreo (cunca do río Tam-bre) procedentes da E.D.A.R. de Brates asentada no lugar de San Pedro (t.m. Boimorto); baixo unha serie de condicionados, sendo un deles a remisión a Augas de Galicia, con periodicidade anual, o resultado analítico do control de vertido.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- RESOLUCIÓN DO ORGANISMO DE AUGAS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDOS DE AGUAS RESIDUAIS. CLAVE: DH.V15.29933

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada polo presidente de Augas de Galicia, rexistro de entrada 1890 con data 30/12/2011, no que se outorga ao Concello de Boimorto autorización de vertidos de augas residuais urbanas depuradas ao regato de Filgueira (cunca do río Ulla) procedentes da E.D.A.R. de Dorneá asentada na parroquia de San Cristovo de Dorneá (t.m. Boimorto); baixo unha serie de condicionados, sendo un deles a remisión a Augas de Galicia, con periodicidade anual, o resultado analítico do control de vertido.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS

3.1.1.- LICENZA PARA A PLANTACION DE CASTIÑEIROS (FROITO) NAS FINCAS NÚMEROS 44 E 45 NA PARROQUIA DE BUAZO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D^a. ESPERANZA COSTOYA SUEIRO.

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de D^a. Esperanza Costoya Sueiro, en posesion do DNI núm. 76474140Z e con domicilio para os efectos de notificación en R/ Visitación de la encina 4 PO1 C, Culleredo, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 94 de data 25/01/2012 para a plantación de castiñeiros (froito) nas fincas números 44 e 45 na parroquia de Buazo.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 25/01/2012 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

INFORME:

Con data 25 de xaneiro de 2.012, número de rexistro 94, Dna. Esperanza Costoya Sueiro presentou escrito ante o Concello de Boimorto solicitando permiso para a plantación de castaños frutais

nas fincas 44 e 45 da zona de concentración parcelaria de Santa María de Buazo, no lugar de A Cabana..

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

A parcela está clasificada polo PXOM coma solo rústico de protección agropecuaria.

De acordo co establecido no artigo 32 o uso agropecuario engloba todo tipo de actividades relacionadas coa produción agropecuaria entendendo como tales a agricultura, os cultivos experimentais ou especiais, a horticultura ou floricultura baixo invernadoiro, a cría e garda de animais en réxime de estabulación e a cría de especies piscícolas.

Por tanto, desde o punto de vista da súa compatibilidade co plan xeral de ordenación municipal, en solo rústico de protección agropecuaria pódese permitir a plantación de froiteiras, por entenderse que este tipo de árbores poden englobarse dentro da actividade agropecuaria e non forestal.

En ningún caso permitiríase a plantación con fins forestais, xa que se atopa entre os usos prohibidos recollidos no artigo 75 da PXOM relativo ao solo rústico de protección agropecuaria.

No mesmo senso pronúnciase a lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que no seu artigo 25, no que se establecen os usos prohibidos con carácter xeral, prohíbense ás repoboacións forestais en zonas adicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos, con independencia da súa cualificación urbanística.

Polo que respecta ás distancias mínimas de plantacións de árbores, atópanse recollidas no artigo 41.2.1.1 do PXOM, independentemente da clasificación urbanística dos predios, segundo a súa especie e zona afectada:

□

	FORESTAIS		NON FORESTAIS	
	Eucaliptos	Coníferas	Frondosas	Frutais
Vivendas	50 m	25 m	10 m	6 m
Prados e terreos agrícolas	12 m	8 m	6 m	3 m
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm			
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m	4 m	4 m	4 m
Aos mananciais	25 m	10 m	10 m	6 m

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 25 de xaneiro de 2.012.

Fernando Delgado Juega
CERNE INGENIERÍA S.A>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Outorgar autorización a D^a. Esperanza Costoya Sueiro para a plantación de castiñeiros (frito) nas fincas 44 e 45 da parroquia de Buazo, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á interesada facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpor fronte o acordo de autorización.

3.1.2.- LICENZA PARA A PLANTACIÓN DE EUCALIPTOS NA FINCA Nº 98 NA PARROQUIA DE DORMEÁ, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JESÚS ANDRADE CARREIRA.

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a insancia de D. Jesús Andrade Carreira, con DNI 33276515T e con domicilio para os efectos de notificación en R/ Campo do Rosario, 15 do núcleo urbano de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello número 1085 de data 19/07/2011 para a plantación de eucaliptos na finca nº 98 da concentración parcelaria de Dormeá.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 28/07/2011, á vista do informe emitido polo servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto, no que se acorda informar a D. Jesús Andrade Carreira que para obter autorización para a plantación de eucaliptos na finca 98 da concentración parcelaria de Dormeá deberá solicitar cambio de uso agrícola a forestal na Consellería de Medio Rural.

Tramitada polo interesado solicitude de autorización de cambio de uso de terras agrícolas para forestación na parcela 98, do polígono 508 e incorporado ao expediente informe técnico do xefe do Servizo de Explotacións Agrarias de A Coruña de data 30 de decembro de 2011, rexistrado de entrada neste Concello co número 95 en data 25/01/2012, do que se desprende que non procede dito cambio de uso por resultar innecesario.

Visto o novo informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 25/01/2012 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

INFORME:

Con data 19 de xullo de 2.011, número de rexistro 1.093 D. Jesús Andrade Carreira, notificou ao concello a plantación de eucaliptos na finca nº 98 da concentración parcelaria de Dormeá.

Con data 28 de xullo de 2.011 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións.

Con data 25 de xaneiro de 2.012 tivo entrada no concello, nº de rexistro 95, informe técnico do Xefe de Explotacións Agrarias de A Coruña, da Xefatura Territorial da Consellería de Medio rural de data 30 de decembro de 2.011, no que se di que non procede o cambio de uso de agrícola a forestal, xa que o terreo xa ten ese uso potencial, entendéndose o pasto con arborado como uso forestal.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

A parcela mencionada con anterioridade está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal, atopándose as plantación entre os usos permitidos no artigo 76.

De acordo co establecido no artigo 41.2 relativo a plantación e tala de árbores, establécese a obrigatoriedade da solicitude de autorización previa da plantación de superficies forestais superiores a

500 m2. Na comunicación identificarase o propietario, o terreo de plantación, así como a especie e a densidade.

Segundo a documentación presentada, os datos básicos da plantación son os seguintes:

- Propietario: Jesús Andrade Carreira
- Especie de madeira obxecto de plantación: Eucalipto
- Parcela: 98 da concentración parcelaria de Dorneá.
- Densidade: -.

Deberanse cumprir as distancias sinaladas no artigo 41.2.1

	Eucaliptos
Vivendas	50 m
Prados e terreos agrícolas	12 m.
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m
Aos mananciais	25 m

Os usos que presenta a parcela segundo a información obtida do SIXPAC e a seguinte:

Parcela	Uso	Superficie Ha
98	Pasto con arborado	0,6744

Segundo o informado pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural o 30 de decembro de 2.0111 o pasto con arborado enténdese como un uso forestal, e polo tanto a repoboación forestal solicitada estaría permitida.

Polo tanto, e tendo en conta as condicións esixidas polo PXOM e as aclaracións feitas no informe da Xefatura Territorial da Consellería de Medio rural, informase favorablemente a plantación solicitada na parcela nº 98 da concentración parcelaria de Dorneá, para o cal deberanse ter en conta as seguintes observacións:

- Deberanse cumprir as distancias sinaladas no artigo 41.2.1 do PXOM.
- Deberá respectarse a concesión de augas públicas realizada por Augas de Galicia a favor da Comunidade de Regantes "Sería-Pedreira", tendo en conta que na parcela 98 existe un manancial ademais de tubaxes de recollida das augas. Para elo, deberá solicitarse informe previo a Augas de Galicia.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 25 de xaneiro de 2.012.

Fernando Delgado Juega
CERNE INGENIERÍA S.A.>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Jesús Andrade Carreira, en posesión do DNI núm. 33276515T para a plantación de eucaliptos na finca nº 98 da parroquia de Dorneá, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpor fronte o acordo de autorización.

3.1.2.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE CONSTRUCCIÓN DE CORTE VACÚN NO LUGAR DE NOGAREDO, PARROQUIA DE BRATES, A INSTANCIA DE D. JESÚS GARCÍA CARNEIRO, EN REPRESENTACIÓN DE SAT ESTRELLA DE NOGAREDO N° 1105

Visto o escrito número 1389 de data 07/07/2010 no que por D. Jesús García Carneiro, en representación de SAT Estrella de Nogaredo n° 1105 solicítase visita de comprobación ás instalacións de corte de vacún en Nogaredo, parroquia de Brates, e se conceda a licenza para a posta en funcionamento desta actividade.

Realizada a visita de comprobación polos servizos técnicos municipais o día 15/07/2010 fanse unhas observacións que se enmenda coa documentación aportada con data 02/01/2012 con número de rexistro de entrada 10.

Visto informe técnico de 04/01/2012 de D. Ángel Delgado Cid no que se informa favorablemente a posta en funcionamento da actividade tras á visita de comprobación realizada para o outorgamento de licenza definitiva de actividade.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder a D. Jesús García Carneiro en representación da sociedade SAT Estrella de Nogaredo n° 1105 licenza definitiva de actividade para as obras de construción de corte de vacún, sita no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, actividade a desenvolver cumprindo as medidas correctoras que constan no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecementos en aplicación da ordenanza fiscal n° 5 do Concello de Boimorto, que deberá ser ingresada, previamente, sen a cal a licenza non producirá efecto ningún.

Base imponible superficie ocupada = 486 M2

Tipo = 1 €/m2

Cuota a ingresar: 486,00 €uros.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

3.1.3.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE (ver LO 5/2012) MELLORA DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA EN NOGAREDO, PARROQUIA DE BRATES, SOLICITADA A INSTANCIA DE D. JESÚS GARCÍA CARNEIRO EN REPRESENTACIÓN DA SOCIEDADE SAT ESTRELLA DE NOGAREDO N° 1105

Visto o procedemento tramitado a instancia de D. Jesús García Carneiro, con DNI n° 76503451T, actuando en representación da sociedade SAT Estrella de Nogaredo n° 1105, para realizar obras de mellora de explotación gandeira sita no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, deste termo municipal de Boimorto, en virtude da solicitude de data 18/12/2009 n° de rexistro de entrada 1833; solicitude acompañada de proxecto de mellora de explotación gandeira redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D^a. M^a Luz García Pedreira, colexiada número 1.339 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 20091431; parcela cualificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural, situando as obras na primeira das cualificacións.

Visto que a explotación conta co recoñecemento administrativo de existencia de explotación gandeira, ao amparo da disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002.

Visto o informe técnico de data 28/12/2009 no que se require documentación, con data 28/06/2010 (registro entrada núm. 862), 23/01/2012 (registro entrada núm. 86) e 25/01/2012 (registro de entrada números 99 e 100) presenta anexo ao proxecto de mellora de explotación gandeira visado co mesmo número, certificación antigüidade da obra outorgada o 14 de novembro de 2002, oficio de dirección de obra e compromiso de execución dos servizos e de inscrición no registro da propiedade contemplado no artigo 42 da Lei 9/2002, enmendando as observacións solicitadas polos servizos técnicos municipais.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 25/01/2012 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 26/01/2012.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid nos que se sinala que segundo a documentación presentada esta actividade non aumentará os animais presentes na explotación polo que tampouco acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008 para cualificar como substancial a ampliación pretendida; polo que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental, non considerándose necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2.b) da Lei 9/2002 e deberánse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza provisional a D. Jesús D. Jesús García Carneiro, con DNI nº 76503451T, actuando en representación da sociedade SAT Estrella de Nogaredo nº 1105, para realizar obras de mellora de explotación gandeira sita no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, deste termo municipal de Boimorto, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D^a. M^a Luz García Pedreira, colexiada número 1.339 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 20091431; presentando anexo ao proxecto visado co mesmo número e asumíndose a dirección de obra por D. José Manuel García Pedreira, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº. 1.163, parcela cualificada no PXOM de Boimorto como como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural, situándose a actividade na parcela cualificada como solo rústico de protección agropecuaria.

SEGUNDO.- A presente autorización de licenza provisional de actividade estará condicionada, ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza e anexo así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo, así como as contidas noutros informes de autorizacións sectoriais, sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións, en concreto:

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais, condicionada a previa obtención de autorizacións sectoriais necesarias.

.- Con anterioridade a concesión da licenza definitiva de actividade deberá presentar a inscrición no registro da propiedade do compromiso contemplado no artigo 42 da Lei 9/2002.

.- Estará condicionada a que non aumente os animais presentes na explotación, nin acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008, para cualificar como substancial a ampliación pretendida, e polo tanto, non está sometida ao procedementos de avaliación de incidencia ambiental.

.- A licenza de actividade provisional debe cumprir o recollido no artigo 40 do PXOM de Boimorto para uso de categoría 2 así como o cumprimento de medidas correctoras contidas no proxecto.

.- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

.- Para poder obter a acta de comprobación favorable o peticionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

.- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecementos que ascende a: **882,50 €uros.**

Tipo do solo: solo rústico de protección agropecuaria taxa 1 €por m2 de superficie do establecemento industrial ou mercantil (m2 882,5)

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2.- AUTORIZACIÓN

3.2.1.- BAIXA NA CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 97, con data 25/01/2012 presentada por D^a. María Álvarez Rodríguez con DNI 76510155B, con domicilio a efectos de notificación en rúa San Salvador nº 11 1º C, Melide, A Coruña, na que solicita a baixa na taxa por subministro de auga potable e do contador correspondente á vivenda sita no lugar de Quiñoy núm. 1, parroquia de Rodieiros, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de rede de abastecemento de auga;

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e contador de auga número 07169427 que figura a nome de D. Antonio Abad Rouco, con efectos a 1 de febreiro de 2012.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga da vivenda sita no lugar de Quiñoy 1, parroquia de Rodieiros, deste termo municipal.

3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 1/2012

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 42, con data 03/01/2012, presentada por D. Alfonso Rico Vereá, con domicilio a efectos de notificación en Culleredo, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da nave sita no lugar de Vista Alegre, Boimil, Boimorto, da empresa Autos Rico, S.L., dedicada ao transporte de pasaxeiros.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Alfonso Rico Vereá, autorización para conexión á rede de sumidoiros da nave sita no lugar de Vista Alegre, Boimil, Boimorto, da empresa Autos Rico, S.L., dedicada ao transporte de pasaxeiros.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 2/2012

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 63, con data 17/01/2012, presentada por D. Jesús Andrade Pérez, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Nogaredo 18, parroquia de Brates, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 18 do lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Jesús Andrade Pérez, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 18 do lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 3/2012

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 75, con data 19/01/2012, presentada por D. Luís García López, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Romelas 1, parroquia de Mercurín, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 1 do lugar de Romelas, parroquia de Mercurín, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Luís García López, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 1 do lugar de Romelas, parroquia de Mercurín, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.5.- TOMA DE COÑECEMENTO DO CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO ADICADO A CAFÉ-BAR

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 74 con data 19/01/2011, presentada por D^a. María Inmaculada León Vázquez, con domicilio a efectos de notificación en lugar Carballás, s/n, Folgoso, Sobrado dos Monxes, interesando cambio de titularidade de negocio dedicado a café-bar, con nome comercial Bar Rico, situado en Corredoiras nº 27, Os Ánxeles, Boimorto, cuio titular anterior foi D^a. Jesusa María Chorén Sánchez, con NIF 76446098D.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da transmisión da licenza outorgada en data 25/02/2002 de apertura de establecemento de café-bar situado en Corredoiras nº 27, Os Ánxeles, Boimorto, en favor de María Inmaculada León Vázquez con domicilio en lugar Carballás, s/n, Folgoso, Sobrado dos Monxes, A Coruña.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionador oportuno.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 1/2012) PARA REVESTIMENTO DE FACHADA CON MORTEIRO MONOCAPA (140 M2) NA VIVENDA SITA NO NÚMERO 21 DO LUGAR DE VILADÓNIGA, PARROQUIA DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JESÚS GARCÍA SÁNCHEZ.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Jesús García Sánchez, con DNI núm. 76453238L, e con domicilio para os efectos de notificación no número 21 do lugar de Viladóniga, parroquia de Boimorto, deste termo municipal, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 841 de data 15/06/2011 para o revestimento de fachada con moteriro monocapa (140 m2) na vivenda sita en Viladóniga nº 21, parroquia de Boimorto, (solo de núcleo rural) segundo memoria descriptiva presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 16/01/2012 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

Vista a consulta descriptiva e gráfica de datos catastrais de bens inmobles de natureza urbana, a vivenda data do ano 1995.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Jesús García Sánchez, con DNI núm. 76453238L (LO 1/2012) para o revestimento de fachada con morteiro monocapa (140 m²) na vivenda sita en Viladóniga nº 21, parroquia de Boimorto, (solo de núcleo rural) segundo memoria descriptiva presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- A coloración do morteiro será en tons próximos ao branco, pardo ou crema e, en calquera caso, semellantes aos empregados no lugar.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **2.835,00 €uros.**

Liquidación 2%: **56,70 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 2/2012) PARA SUBSTITUCIÓN DA TELLA DA VIVENDA SITA NO NÚMERO 14 DO LUGAR DE PIÑEIRO, PARROQUIA DE SENDELLE, TRAMITADA A INSTANCIA DE D^a. MARÍA MILAGROS BARREIRO CASTRO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D^a. Milagros Barreiro Castro, con DNI núm. 78782299P, e con domicilio para os efectos de notificación en Avenida da Coruña 439 7º B, Lugo, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1544 de data 24/11/2010 para a substitución da tella da vivenda sita no lugar de Piñeiro núm. 14, parroquia de Sendelle (solo de núcleo rural) segundo valoración presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 22/12/2010 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

Tramitada pola interesada solicitude de autorización do Organismo Augas de Galicia (expediente DH.W15.28550) e incorporado ao expediente a resolución de data 18 de xaneiro de 2012, no que autoriza as obras, indicando condicionantes a ter en conta para realizar a mesma.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D^a. Milagros Barreiro Castro, con DNI nº 78782299P (LO 2/2012), para a substitución da tella da vivenda sita no lugar de Piñeiro núm. 14, parroquia de Sendelle (solo de núcleo rural) segundo valoración presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais necesarias e supeditada os condicionamentos xerais e particulares da autorización sectorial do Organismo de Augas de Galicia que consta no expediente.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **8.536,94 euros.**

Liquidación 2%: **170,74 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D^a. Milagros Barreiro Castro, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.3.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DA FINCA Nº 50 DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SENDELLE LICENZA URBANÍSTICA Nº 3/2012

Vista solicitude presentada (con entrada en data 26/12/2011 nº 1866) polos irmáns D^a. Adonina, D. Emilio José e D^a. María Oliva Mouriño Garea, acompañada de estudo técnico para segregar a finca nº. 50 de concentración parcelaria de Sendelle con referencia catastral rústica (15010A503000500000JG) redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Mario López Louzao, colexidado número 481 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 16/12.

De acordo co estudo técnico a parcela nº. 50 de concentración parcelaria de Sendelle, se describe así: Rústica, terreo dedicado a labradío, prado e monte, no sitio de Barqueira, Concello de Boimorto, que linda: Norte e Oeste, Rita Harguindey Salmonte (51); Sur, camiño; Leste, Angel Montero Botana (49). Nesta finca nacen tres regatos e ten enclavadas tres construcións, consistentes nunha corte, un alpendre e a casa-vivenda de referencia catastral 000900200NH65H0001KX, de planta baixa de 174 m² destinada a vivenda e almacén, e planta alta de 68 m² destinada a vivenda conta cunha superficie de 37.782 m² e está cualificada no PXOM como solo rústico de protección forestal e solo de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso e preténdese a segregación en tres parcelas, sitas as construcións e regatos na parte da parcela cualificada como solo de núcleo rural estando vacante de edificación a parte cualificada como solo rústico de protección forestal.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza de segregación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega en data 28/12/2011 e fundamentando o informe no artigo 11 do PXOM de Bomorto e no artigo 206.1 da Lei 9/2002 LOUPMR de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo.

Visto o informe favorable de secretaría que consta no expediente de data 25/01/2012.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Outorgar salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros licenza de segregación aos irmáns D^a. Adonina, D. Emilio José e D^a. María Oliva Mouriño Garea para segregar a finca número 50 de solo rústico de protección forestal de concentración parcelaria da parroquia de Sendelle, cunha superficie inicial de 37.782 m² en:

A) Parcela 50-1 de 5.360 m² cun fronte maior de 8 m.

Parcela 50-1 (Barqueira) linda: Norte e Oeste, Rita Harguindey Salmonte (51); Sur, camiño; Leste, parcela seguinte (50-2).

B) Parcela 50-2 de 5.360 m² cun fronte maior de 8 m.

Parcela 50-2 (Barqueira) linda: Norte, Rita Harguindey Salmonte (51); Sur, camiño; Leste, resto da finca 50; Oeste, parcela anterior (50-1).

C) Parcela 50-matriz de 27.062 m² cun fronte maior de 10 m.

Parcela 50-matriz (Barqueira), que se corresponde coa parcela matriz, linda: Norte, Rita Harguindey Salmonte (51); Sur, camiño; Leste, Angel Montero Botana (49); Oeste, parcela que se

segrega 50-2. Nesta finca nacen dous regatos, e teñen enclavadas as construcións que figuran na descrición da finca matriz, en concreto, na área de núcleo orixinario disperso.

SEGUNDO.- Someter a licenza de segregación ás seguintes condicións.

.- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Deberá facerse constar no rexistro da propiedade e en todos os actos de transmisión da propiedade o compromiso expreso de non edificar nos lotes resultantes.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

4.1.4.- RECOÑECIMIENTO MUNICIPAL DE INCURSIÓN NAS CIRCUNSTANCIAS DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA DA LEI 2/2010 DE 25 DE MARZO PARA A SÚA REMISIÓN O SERVIZO PROVINCIAL DE CALIDADE E EVALUACIÓN AMIBENTAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS NO MARCO DO DECRETO 133/2008 DE 12 DE XUÑO.

Vista a solicitude presentada en data 23/11/2011 con rexistro 1763 por D. Alfonso Rico Verea en representación de Autos Rico S.L., para a declaración de inclusión na situación legal de fora de ordenación total, con documentación redactada polo enxeñeiro de camiños D. Gilberto Rodríguez Rodríguez colexiado nº 8.467 e ante requerimento por informe técnico vista a documentación presentada en data 3/1/2012 con nº de rexistro de entrada 41.

Vista a disposición transitoria terceira da Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia que a continuación se transcribe literalmente:

“Disposición transitoria terceira.-Edificaciones sin licencia.

Sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 213º.1 de la presente ley, las edificaciones y construcciones realizadas sin licencia o sin la autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridad al 1 de enero de 2003, y respecto de las cuales en el momento de entrada en vigor de la presente ley hubiera transcurrido el plazo legalmente establecido en su artículo 210º.2 sin que la administración haya adoptado ninguna medida dirigida a la restauración de la legalidad urbanística o medioambiental, quedarán incorporadas al patrimonio de su titular y sujetas al régimen previsto en el artículo 103º.2 de la misma, con la particularidad de que las obras de mera conservación sólo podrán autorizarse cuando se acredite la preexistencia de un uso continuado.

A esos efectos, en el plazo máximo de dos años desde la entrada en vigor de la presente ley de modificación, el propietario o propietaria habrá de solicitar del ayuntamiento correspondiente la declaración de incursión en la situación legal de fuera de ordenación total adjuntando anexo que defina, como mínimo, la situación de la edificación sobre el planeamiento vigente, parcela, uso, superficie construida, número de plantas y volumen, así como certificación técnica de solidez y seguridad.

Cuando la edificación esté ubicada en suelo rústico de protección de costas, de aguas o de espacios naturales, segundo la presente ley, será necesario obtener el previo informe favorable de la Comisión Superior de Urbanismo”

Vista a instrución 2/2011 de 12 de abril publicada en data 11/5/2011 no Diario Oficial de Galicia nº 91, relacionada coa aplicación da disposición transitoria terceira da lei 2/2010 do 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia sobre edificacións sen licenza, considerando que as edificacións que reúnan os requisitos sinalados nesta instrucción quedan incorporadas o patrimonio do seu titular cando se presentase ante o Concello correspondente en prazo a solicitude de declaración prevista na disposición transitoria 3ª antes sinalada e o Concello realice esta declaración, tendo en conta que a patrimonialización e do uso e da edificación se acredita uso orixinario constante e invariable, asi como considerando que o recoñecemento municipal de incursión nas circunstancias establecidas nesta disposición transitoria terceira habilita para a tramitación ante o Servizo Provincial de calidade e avaliación ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da solicitude de calificación ambiental da actividade que se acredita desenvolver dende xaneiro do 2003 no ámbito do disposto no Decreto

133/2008 de 12 de xuño que regula a avaliación de incidencia ambiental, visto que a resolución do organismo autonómico sinalará os requisitos medioambientais esixidos para o desenvolvemento do proxecto evaluado e considerando que o concello efectuará a comprobación do cumprimento das esixencias que recolla a resolución autonómica de calificación ambiental e no seu caso fará o recoñecemento definitivo da construción coa súa actividade correspondente.

Visto informe técnico de D. Fernando Delgado Juega Xeógrafo urbanista de data 9/1/2012, así como visto informe de Secretaría de data 26 de xaneiro de 2012 en relación coa posible declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total do inmoible sito en Vistalegre Boimil s/n Boimorto A Coruña propiedade de Autores Rico destinado a uso de garaxe aparcamento.

Considerando que a construción tivo licenza urbanística municipal mais non o uso.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Recoñecer que o inmoible de planta única sito en Vistalegre Boimil s/n Boimorto A Coruña cuxo uso e de garaxe aparcamento pola empresa Autos Rico está incurso nas circunstancias establecidas na disposición transitoria terceira da Lei 2/2010 de 25 de marzo, polo que se habilita para a remisión e tramitación ante o Servizo Provincial de calidade e avaliación ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da solicitude de calificación ambiental da actividade que se acredita desenvolver dente xaneiro do 2003 no ámbito do disposto no Decreto 133/2008 de 12 de xuño que regula a avaliación de incidencia ambiental.

Informar ó interesado que despois da resolución do organismo autonómico cos requisitos medioambientais esixidos para o desenvolvemento do proxecto evaluado solicitarase a este concello a comprobación do cumprimento das esixencias que recolla a resolución autonómica de calificación ambiental e no seu caso este concello fará recoñecemento definitivo do exceso de edificación (en relación coa licenza outorgada pola Xunta de goberno en data 9/11/2000) e da actividade como fora de ordenación.

SEGUNDO.- Notifíquese este acordo ó interesado representante da empresa Autos Rico así como iniciése tramitación oportuna ante o Servizo Provincial de calidade e avaliación ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa solicitude de calificación ambiental da actividade.

4.1.5.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 4/2012) PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE ARENTÍA, PARROQUIA DE ANDABAO, A INSTANCIA DE D^a. MARÍA MAGDALENA LOJO ROZADA.

Visto o expediente de licenza urbanística de obras tramitado a instancia de D^a. María Magdalena Lojo Rozada, con DNI nº 3283218-G, e con domicilio para os efectos de notificación no número 30 do lugar de Arentía, pertencente á parroquia de Andabao, solicitude con entrada no concello nº 1379 con data 03/10/2011 para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar no lugar de Arentía, parroquia de Andabao, segundo proxecto básico redactado pola arquitecta D^a. Ana Sande Beiro, colexiado número 3026, sen visar..

Con data 02/11/2011 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións polo que o 12/01/2012, rexistro de entrada nº 58 por D^a. María Magdalena Lojo Rozada presenta proxecto básico e execución: Rehabilitación e ampliación vivenda unifamiliar aislada redactado pola arquitecta D^a. Ana Ansede Beiro colexiado número 3026, visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia co número 1110749.1, xunto co nomeamento de dirección de obra e oficio de dirección de obra da arquitecta D^a. Ana Sande Beiro visados polos colexios profesionais correspondentes.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, con data 16/01/2012 para a realización de dita obra que cualifica como maior en solo de rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Visto o informe de secretaría de data 16/01/2012.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D^a. María Magdalena Lojo Rozada, con DNI núm. 3283218-G (LO 4/2012) conforme ao proxecto básico e execución: Rehabilitación e ampliación vivenda unifamiliar aislada, no lugar de Arentía, parroquia de Andabao, redactado pola arquitecta D^a. Ana Ansede Beiro colexiado número 3026, visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia co número 1110749.1; parcela cualificada no PXOM de Boimorto como solo de rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso, cun orzamento de execución de execución material de 112.928,77 €uros.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- .- Deberá cumprir as condicións de edificación sinaladas no artigo 29.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro e demais normativa indicada nos informes que constan no expediente.
- .- Os cadros de contadores deberán localizarse na parcela do solicitante e non na zona verde cualificada polo PXOM.
- .- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de trs anos desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **112.928,77 €**

Liquidación 2% : **2.258,58 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.6.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 5/2012) PARA MELLORA DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA EN NOGAREDO, PARROQUIA DE BRATES, SOLICITADA A INSTANCIA DE D. JESÚS GARCÍA CARNEIRO EN REPRESENTACIÓN DA SOCIEDADE SAT ESTRELLA DE NOGAREDO N° 1105

Visto o procedemento tramitado a instancia de D. Jesús García Carneiro, con DNI n° 76503451T, actuando en representación da sociedade SAT Estrella de Nogaredo n° 1105, para realizar obras de mellora de explotación gandeira sita no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, deste termo municipal de Boimorto, en virtude da solicitude de data 18/12/2009 n° de rexistro de entrada 1833; solicitude acompañada de proxecto de mellora de explotación gandeira redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D^a. M^a Luz García Pedreira, colexiada número 1.339 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 20091431; par-

cela cualificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural, situando as obras na primeira das cualificacións.

Visto que a explotación conta co recoñecemento administrativo de existencia de explotación gandeira, ao amparo da disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002.

Visto o informe técnico de data 28/12/2009 no que se require documentación, con data 28/06/2010 (registro entrada núm. 862), 23/01/2012 (registro entrada núm. 86) e 25/01/2012 (registro de entrada números 99 e 100) presenta anexo ao proxecto de mellora de explotación gandeira visado co mesmo número, certificación antigüidade da obra outorgada o 14 de novembro de 2002, oficio de dirección de obra e compromiso de execución dos servizos e de inscrición no registro da propiedade contemplado no artigo 42 da Lei 9/2002, enmendando así as observacións solicitadas polos servizos técnicos municipais.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 25/01/2012 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid..

Visto o informe de Secretaría de data 26/01/2012.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid nos que se sinala que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental e que non considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2.b) da Lei 9/2002.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Jesús D. Jesús García Carneiro, con DNI nº 76503451T, actuando en representación da sociedade SAT Estrella de Nogaredo nº 1105 (LO 5/2012), para realizar obras de mellora de explotación gandeira sita no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, deste termo municipal de Boimorto, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D^a. M^a Luz García Pedreira, colexiada número 1.339 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 20091431; presentando anexo ao proxecto visado co mesmo número e asumíndose a dirección de obra por D. José Manuel García Pedreira, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº. 1.163, na parte da parcela cualificada como solo rústico de protección agropecuaria.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais necesarias.
- .- En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboreo ou especies vexetais, como mínimo nun terzo da superficie da parcela, condición que se cumpre.
- .- Segundo o establecido no artigo 39.4 do PXOM as obras de ampliación das explotacións agropecuarias existentes irán obrigatoriamente acompañadas de obras de reforma e adecuación da explotación existente á normativa estética aplicable segundo o artigo 31, así como cantas outras resulten necesarias en canto as condicións sanitarias, medioambientais e cantas outras resulten de aplicación, condicións que se xustifican no proxecto e anexo.
- .- Deberá cumprirse o disposto no artigo 42 da Lei 9/2002, do 30 de decembro.
- .- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinala construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **157.875,08 €**

Liquidación 2%: **3.157,50 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.2.-OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.- OFERTA MÁIS VENTAXOSA DO SERVIZO “ASISTENCIA TÉCNICA URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO” POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. (Expdte: CSPNSP 3/2011).

Visto o expediente de contratación do servizo de “Asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto” cun orzamento de 24.000 €uros anuais máis iva.

Iniciado e aprobado dito expediente en acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/11/2011, constando no expediente informe de secretaría sobre o procedemento contractual e de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal, actualmente orzamento 2011 prorrogado 15.22706 polo importe correspondente a unha anualidade.

Remitidas invitacións para a participación a tres empresas (en aplicación do artigo 162.1 da LCSP 30/2007) a: Consulting e Ingeniería Internacional, S.A. CIF: A15086994, Cerne Ingeniería, S.A. CIF: A15056468 e Singla Ingeniería, S.L. CIF: B15678626.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 20/12/2011 que se reproduce literalmente:

<<DONA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA),

CERTIFICO: Que en cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/11/2011 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación do servizo de “Asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto” e outorgado un prazo de oito días naturais dende a recepción da invitación para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas; recibidas as invitacións segundo acuses de recibos en data 9 e 12 de decembro de 2011, rematando o prazo para presentar ofertas o día 20 de decembro de 2011; foron presentadas por rexistro de entrada neste Concello a seguinte documentación:

.- Consulting e Ingeniería Internacional, S.A con CIF A15086994 presenta:

Sobre A con entrada nº 1836 en data 15/12/2011

Sobre B con entrada nº 1840 en data 15/12/2011

Sobre C con entrada nº 1838 en data 15/12/2011

.- Cerne Ingeniería, S.A con CIF A15056468 presenta:

Sobre A con entrada nº 1839 en data 15/12/2011

Sobre B con entrada nº 1840 en data 15/12/2011

Sobre C con entrada nº 1846 en data 15/12/2011

.- Singla Ingeniería S.L con CIF B15678626 presenta:

Sobre A con entrada nº 1844 en data 15/12/2011

Sobre B con entrada nº 1845 en data 15/12/2011

Sobre C con entrada nº 1846 en data 15/12/2011

E para que así conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde en Boimorto a 20 de decembro de 2011

Vº Pr

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

A Secretaria

Non sendo necesaria a constitución de mesa de contratación e visto que lle foi requerida ás tres empresas documentación segundo o disposto no artigo 81 do Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas 1098/2001, de 12 de outubro.

Visto que, do requerimento realizado só presenta documentación a empresa Cerne Ingeniería, S.A., con data 2 de xaneiro de 2012, rexistro de entrada número 5, quedando acreditada a capacidade e solvencia según a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación e acordando rexeitar as ofertas de Consulting e Ingeniería Internacional, S.A. E Singla Ingeniería, S.L por non quedar suficientemente acreditada a súa capacidade e solvencia.

Pídese a secretaria a apertura do sobre B onde se recolle a proposta de traballo presentada e por unanimidade dáse unha valoración de 10 puntos, considerando que é insuficiente aínda que se respecta o prego de prescricións técnicas.

Deseguido aperturase o sobre C que contén a oferta económica comprobando que o licitador non realiza baixa en relación ao prezo de licitación quedando o importe de adxudicación en 28.320.- €uros ive incluído, acadando a puntuación de oferta económica: 0 puntos.

Total puntuación Cerne Ingeniería, S.A. = 10 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación aprobados e declarados de aplicación á presente contratación por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 24/11/2011, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRO.- Declarar como oferta economicamente máis ventaxosa a presentada por Cerne Ingeniería S.A con CIF A15056468 na contratación do servizo “Asistencia técnico urbanística do Concello de Boimorto” a executar segundo a oferta económica presentada fixando o importe de adxudicación en 28.320 €uros e tendo en conta o programa de traballo achegado pola empresa.

SEGUNDO.- Requerir a Cerne Ingeniería, S.A., comprobada a súa capacidade para contratar coa Administración e que está o corrente das súas obrigas tributarias con Facenda e coa Seguridade Social, para que no prazo de dez días hábiles dende a recepción de requerimento presente documentación xustificativa de constitución da garantía definitiva por importe de 1.200.- €uros (5% **importe adxudicación sen ive**) advertíndolle que a non presentación levaría a entender a retirada da súa oferta.

4.2.1.-SOLICITUDE DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBR DE ADECUACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO PARA CELEBRACION DO MERCADO TRADICIONAL

Pola Secretaria dase lectura do escrito con entrada no Concello en data 5/1/2012 no que pola Empresa Contruccionen González y González se solicita prórroga do prazo de execución da obra de Adecuación de espazo público para a celebración do mercado tradicional, contrato adxudicado por decreto da alcaldía nº 373/2011 en data 7/11/2011 para executar a obra en 21 días para a parte do ano 2011 e 14 para o 2012.

Fundamentase a solicitude nas condicións climatolóxicas que non acompañan para a reposición de firme mediante aglomerado e piden prórroga.

Pola Secretaria procédese á lectura do informe da dirección das obras de data 23/01/2012 motivando dita solicitude.

Informa a Secretaría que sendo a redución no prazo de execución das obras un dos criterios de adxudicación do contrato a demora pode significar un incumplimento dos principios de transparencia e igualdade que rixen á contratación pública.

Indica a Secretaría que neste expediente non é aplicable o Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro vista a súa disposición transitoria primeira senon a Lei de contratos do sector público 30/2007 que sobre a demora na execución do contratista di:

Artículo 196. Ejecución defectuosa y demora.

1. Los pliegos o el documento contractual podrán prever penalidades para el caso de cumplimiento defectuoso de la prestación objeto del mismo o para el supuesto de incumplimiento de los compromisos o de las condiciones especiales de ejecución del contrato que se hubiesen establecido conforme a los artículos 53.2 y 102.1. Estas penalidades deberán ser proporcionales a la gravedad del incumplimiento y su cuantía no podrá ser superior al 10 % del presupuesto del contrato.

2. El contratista está obligado a cumplir el contrato dentro del plazo total fijado para la realización del mismo, así como de los plazos parciales señalados para su ejecución sucesiva.

3. La constitución en mora del contratista no precisará intimación previa por parte de la Administración.

4. Cuando el contratista, por causas imputables al mismo, hubiere incurrido en demora respecto al cumplimiento del plazo total, la Administración podrá optar indistintamente por la resolución del contrato o por la imposición de las penalidades diarias en la proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros del precio del contrato.

El órgano de contratación podrá acordar la inclusión en el pliego de cláusulas administrativas particulares de unas penalidades distintas a las enumeradas en el párrafo anterior cuando, atendiendo a las especiales características del contrato, se considere necesario para su correcta ejecución y así se justifique en el expediente.

5. Cada vez que las penalidades por demora alcancen un múltiplo del 5 % del precio del contrato, el órgano de contratación estará facultado para proceder a la resolución del mismo o acordar la continuidad de su ejecución con imposición de nuevas penalidades.

6. La Administración tendrá la misma facultad a que se refiere el apartado anterior respecto al incumplimiento por parte del contratista de los plazos parciales, cuando se hubiese previsto en el pliego de cláusulas administrativas particulares o cuando la demora en el cumplimiento de aquéllos haga presumir razonablemente la imposibilidad de cumplir el plazo total.

7. Cuando el contratista, por causas imputables al mismo, hubiere incumplido la ejecución parcial de las prestaciones definidas en el contrato, la Administración podrá optar, indistintamente, por su resolución o por la imposición de las penalidades que, para tales supuestos, se determinen en el pliego de cláusulas administrativas particulares.

8. Las penalidades se impondrán por acuerdo del órgano de contratación, adoptado a propuesta del responsable del contrato si se hubiese designado, que será inmediatamente ejecutivo, y se harán efectivas mediante deducción de las cantidades que, en concepto de pago total o parcial, deban abonarse al contratista o sobre la garantía que, en su caso, se hubiese constituido, cuando no puedan deducirse de las mencionadas certificaciones.

Artículo 197. Resolución por demora y prórroga de los contratos.

1. En el supuesto a que se refiere el artículo anterior, si la Administración optase por la resolución ésta deberá acordarse por el órgano de contratación o por aquél que tenga atribuida esta competencia en las Comunidades Autónomas, sin otro trámite preceptivo que la audiencia del contratista y, cuando se formule oposición por parte de éste, el dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma respectiva.

2. Si el retraso fuese producido por motivos no imputables al contratista y éste ofreciera cumplir sus compromisos dándole prórroga del tiempo que se le había señalado, se concederá por la Administración un plazo que será, por lo menos, igual al tiempo perdido, a no ser que el contratista pidiese otro menor.

Por unanimidade a Xunta de Goberno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.-Aprobar unha prórroga no prazo de execución parcial para o ano 2012 de 14 días a contar dende a recepción da notificación deste acordo.

SEGUNDO.-Notificar o presente acordo ó contratista os efectos oportunos.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1. APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
Ticket / 04/01/2012 □	Cadena Cien 32751245G	Peluca e barba Rei Mago Cabalgata de Reis 2012	9,60 €
2012-10007532/ 04-01-2012	Wolters Kluwer España S.A. A58417346	Suscripción a "El Consultor" período 01-2012 a 12-2012	2.159,04 €
397621617/24-01-12	Mafre Familiar S.A. A28141935	Póliza seguro camión do lixo matrícula 7428FJK período 02-01-12 ao 02-01-13	1.221,04 €
397481884/25-01-12		Póliza seguro tractor matrícula C098071VE período 18-01-12 ao 18-01-13	148,36 €
201200018/18-01-12	Hnos. Toimil García, S.L. / B36022226	Reparar mando a distancia do camión grúa	824,16 €
24936/18-1-12	Balneario de Guitiriz A15003072	Asistencia a sesións balneario o 18/01/12. Subv. Deput. Servizos Sociais 2011	454,00 €
25168/25-01-12		Asistencia a sesións balneario o 25/01/12. Subv. Deput. Servizos Sociais 2011	368,00 €
607.570/10-01-12	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial xaneiro 2012	311,71 €
608.218/10-01-12		Mantemento ascensor miniresidencia xaneiro 2012	311,97 €
000094/16-01-12	Control de Plagas Andrade S.L. B15989692	Desinfección e desratización en colexio, casa da cultura, centro médico e casa do Concello xaneiro 2012	347,57 €
A52497/12-01-12	Cotede Sports S.L. B15993660	Agasallos cabalgata reis 2012	224,20 €
E-0230112/25-01-12	Invernalía ice park sl B70308861	44 entradas escolares pista xeo Santiago de Compostela	154,00 €
01/2012/12-01-12	José M. Presedo Mira/ 44848185W	Alumeado navideño	1.000,00 €
02/2012/12-01-12		Aluguer grupo electróxico Certame Cantar de Reis 2012	300,00 €
33/25-01-12	Hermanos Vázquez, S.L. / B15643315	Dúas rodas para o camión grande de lixo	1.018,01 €
151712FC0000081/25-01-12	Supervisión y Control, S.A. / A-15117609	Inspección periódica obrigatoria do tractor E6306BCB	32,50 €
02/7-01-12	Bodegas Mejuto / 33300477L	Viño servido na comida do Certame Cantar de Reis 2012	297,36 €
12A/000096/11-01-12	Toldos Gómez, S.L./ B-15274459	Modificación rotulación pancarta Certame de Reis 2012	14,16 €
112/31-01-12 03/01/11	Serlimat Española. S.L. / B15535875	Servizo de mantemento de limpeza do 01/01/12 ao 13/01/12	1.120,21€
0005/E12/04-01-12	Talleres San Fins, S.L.	Reparación furgoneta	509,38 €

	B15432453		
D-24/09-01-12	Juan López Sánchez 34258362T	Gasóleo de automoción	3.050,00 €
1/12/06-01-12	Francisca de la Torre Pérez / 29.766.517-D	Verdura entregada para comida Certame Cantar de Reis	105,00 €
1/16-01-12	Celso Fernández San- martín / 76812750H	Contacontos para adultos no Certame de Cantar de Reis 2012	406,45 €
01/12/05-01-12	Patricia Mª Martínez Rodríguez / 77402545R	Obradoiro infantil de Reis	318,60 €
34/01C-64/04-01-12	Mercash Sar S.L. B36007409	Caramelos Cabalgata de Reis 2012	17,77 €
34/01C-41/04-01-12		Caramelos Cabalgata de Reis 2012	78,17 €
Abono 34/01C- 221/11-01-12		Abono devolución caramelos	- 14,21 €
28-A282-530872 01/01/12	Telefónica Móviles Es- paña, S.A. A-78923725	Recibo teléfonos móviles	202,95 €
TA3YN0563643 TA3YN0546504	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono centro maiores	90,52 €
TA3YN0546503		Recibo teléfono servizos sociais	111,60 €
TA3YN0571284		Recibo teléfono xulgado de paz	24,48 €
TA3YN0560723		Recibo teléfono ascensor	18,86 €
TA3YN0568808		Recibo teléfono oficinas Con- cello	378,08 €
TA3YN0546506		Recibo teléfono baixo concello	68,69 €
TA3YN0571976		Recibo teléfono PAI	27,99 €
TA3YN0560350		Recibo teléfono miniresidencia	19,47 €
19/01/12		Recibo teléfono ascensor mini- residencia	16,49 €
Relación de data 03/01/12 <input type="checkbox"/>	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A65067332	Recibos de subministro de luz ao alumeadado público Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	4.184,72 € 651,14 €
03111110003754/ 03-11-2011	Unión Fenosa Comer- cial, S.L. / B82207275	Recibo de subministro de luz á estación potabilizadora período 01-09-2011/01-11-2011	6.732,15 €
03111110140771/ 15-11-2011		Recibo de subministro de luz á estación potabilizadora período 01-11-2011/11-11-2011	1.042,47 €
03111010031254/ 06-10-2011		Recibo de subministro de luz á casa consistorial período 12-08-2011/04-10-2011	416,65 €
03111010152737/ 18-10-2011		Recibo de subministro alumea- do público da Gándara Período 01-09-11/04-10-11	733,71 €

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais
INFORME EMITIDO POR: M^a Teresa Gómez Cea
DATA DO INFORME: 26/01/2012
DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, proponse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- MARÍA TERESA GARCÍA TOJO - PODOLOXÍA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

2.- CARMEN RÚA MELLID
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como técnica en intervención familiar-psicóloga do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de podoloxía a María Teresa García Tojo e Carmen Rúa Mellid.

SEGUNDO.- Notificar ás beneficiarias deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo do 2012. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de podoloxía.

5.3.- APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA OUTORGAMENTO SUBVENCIÓN MUNICIPAL Á ASOCIACIÓN DEPORTIVA, GASTRONÓMICA, CULTURAL E AMBIENTAL RÁPIDO DE DORMEÁ

Vista a memoria da conta xustificativa presentada por D. Ramón Mariño López, en calidade de presidente da Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental RÁPIDO DE DORMEÁ, xustificando a subvención outorgada de 200 €no convenio de colaboración asinado con este Concello en data 19/01/2012, en concepto de gastos formalización póliza de seguro de responsabilidade civil da asociación, e que comprende un único recibo número 3407047 emitido por Enrique Magdalena, S.L., en data 16/08/2011 por importe de 254,67 €
A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda por unanimidade:

ÚNICO.- Aprobar a memoria da conta xustificativa presentada por D. Ramón Mariño López, José Sánchez García, en calidade de presidente da Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental RÁPIDO DE DORMEÁ e ordenando a intervención o ingreso da subvención outorgada no convenio de colaboración asinado en data 19/01/2012 a dita asociación na conta bancaria indicada na solicitude de subvención.

5.4.- APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA OUTORGAMENTO SUBVENCIÓN MUNICIPAL Á ASOCIACIÓN CULTURAL SANTA MARÍA DOS ÁNXELES

Vista a memoria da conta xustificativa presentada por D^a. María Jesús Modia Ares, en calidade de presidenta da Asociación cultural Santa María dos Ánxeles, xustificando a subvención outorgada de 200 € no convenio de colaboración asinado con este Concello en data 24/01/2012, en concepto de gastos de transporte excursión a Baiona realizada o día 2 de xullo de 2011, e que comprende unha única factura número A/802 emitida por Autos Rico, S.L. , en data 13/12/2011 por importe de 540,00 €

A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda por unanimidade:

ÚNICO.- Aprobar a memoria da conta xustificativa presentada por D^a. María Jesús Modia Ares, en calidade de presidenta da cultural Santa María dos Ánxeles e ordenando a intervención o ingreso da subvención outorgada no convenio de colaboración asinado en data 24/01/2012 a dita asociación na conta bancaria indicada na solicitude de subvención.

5.5.- APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA OUTORGAMENTO SUBVENCIÓN MUNICIPAL Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MONTE DA CRUZ DE CARDEIRO

Vista a memoria da conta xustificativa presentada por D. Juan Barreiro Vigo, en calidade de presidente da Asociación de veciños Monte da Cruz de Cardeiro, xustificando a subvención outorgada de 200 € no convenio de colaboración asinado con este Concello en data 19/01/2012, en concepto de gastos de póliza de responsabilidade civil da asociación, e que comprende un único recibo número 361837793 emitido por Mapfre seguros de empresas, en data 04/04/2011 por importe de 351,81 €

A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda por unanimidade:

ÚNICO.- Aprobar a memoria da conta xustificativa presentada por D. Juan Barreiro Vigo, en calidade de presidente da Asociación de veciños Monte da Cruz de Cardeiro e ordenando a intervención o ingreso da subvención outorgada no convenio de colaboración asinado en data 19/01/2012 a dita asociación na conta bancaria indicada na solicitude de subvención.

5.6.- APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA OUTORGAMENTO SUBVENCIÓN MUNICIPAL Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CAMPO DA RULA DE SENDELLE

Vista a memoria da conta xustificativa presentada por D^a. M^a. Carmen Aguión Veiga, en calidade de presidenta da Asociación de veciños Campo da Rula de Sendelle, xustificando a subvención outorgada de 200 € no convenio de colaboración asinado con este Concello en data 26/01/2012, en concepto de gastos camisetas serigrafiadas co altar da igrexa de Santa María de Sendelle, ubicada no Camiño do Norte, e que comprende unha única factura número A/1061 emitida por Arce Rojo, S.L., en data 03/06/2011 por importe de 344,25 €

A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda por unanimidade:

ÚNICO.- Aprobar a memoria da conta xustificativa presentada por D^a. M^a. Carmen Aguión Veiga, en calidade de presidenta da Asociación de veciños Campo da Rula de Sendelle e ordenando a intervención o ingreso da subvención outorgada no convenio de colaboración asinado en data 26/01/2012 a dita asociación na conta bancaria indicada na solicitude de subvención.

5.7.- APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA OUTORGAMENTO SUBVENCIÓN MUNICIPAL Á ASOCIACIÓN CULTURAL E VECIÑAL DE RODIEIROS

Vista a memoria da conta xustificativa presentada por D. Manuel García Lodeiro, en calidade de presidente da Asociación cultural e veciñal de Rodieiros, xustificando a subvención outorgada de 200 € no convenio de colaboración asinado con este Concello en data 26/01/2012, en concepto de gastos de impartición charla explicativa da Lei de dependencia e igualdade de xénero, e que comprende unha única factura número A1/2011 emitida por Carmen María Rodríguez Buño, en data 28/02/2011 por importe de 200,60 €

A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda por unanimidade:

ÚNICO.- Aprobar a memoria da conta xustificativa presentada por D. Manuel García Lodeiro, en calidade de presidente da Asociación cultural e veciñal de Rodieiros e ordenando a intervención o ingreso da subvención outorgada no convenio de colaboración asinado en data 26/01/2012 a dita asociación na conta bancaria indicada na solicitude de subvención.

5.8.- ESCRITO DE D. JOSÉ ESPÍNEIRA SANDÁ, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

Dáse conta do escrito de D. José Espiñeira Sandá, con DNI número 33206720X e domicilio no lugar de Vilaverde número 6, parroquia de Arceo, Boimorto, solicitando a devolución da fianza de 60,10 €uros depositada con data 04/06/2002 para responder da reposición do firme por obras de apertura de zanja para canalización de servizos ao longo da pista de concentración parcelaria de San Vicente de Arceo, denominada de Vilaverde a “Ladrado”.

Visto o informe emitido polo servizo de asistencia técnico-urbanística deste Concello, de data 23 de xaneiro de 2012, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución da fianza solicitada, xa que as obras foron realizadas axeitadamente.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.9.- RATIFICACIÓN APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E FACTURA DO PROXECTO MODIFICADO SANEAMENTO NA PARROQUIA DE BRATES

Pola secretaria dáse conta do decreto dictado pola Alcaldía número 446 en data 31/12/2011 na parte dispositiva segunda no que se acorda aprobar a certificación dous e última do proxecto “Modificado saneamento na parroquia de Brates”, por importe de 38.092,19 €uros así como a factura por dito importe co número FO68/2011 con data 31/12/2011 do adxudicatario Construcciones González y González, S.L. con CIF nº B-15165004.

Tendo en conta que este asunto é competencia da Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de competencias outorgada por resolución da alcaldía nº 201/2011, de 27 de xuño de 2011, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Ratificar a aprobación da certificación de obra número 2 e última do proxecto “Modificado saneamento en la parroquia de Brates”, previamente aprobada pola Alcaldía que ascende a 38.092,19 €uros acompañada de factura por dito importe co número FO68/2011 do adxudicatario Construcciones Gonzalez y González, S.L. con CIF nº B-15165004

SEGUNDO.- Enviar á Deputación Provincial a documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.

5.10.- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL RÚA LOPEZ CONTRA A LIQUIDACIÓN INCORPORADA AO PADRÓN FISCAL DA TAXA DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE DO CUARTO TRIMESTRE DO 2011

Pola secretaria dáse conta da reclamación presentada por D. Manuel Rúa López, rexistro de entrada 81 con data 20/01/2012, fronte á liquidación do padrón fiscal da taxa polo subministro de auga potable correspondente ao cuarto trimestre 2011 da vivenda sita no número 18 do lugar de Zaín, da parroquia de Rodieiros, da que figura como titular Ángel Mosteiro Vázquez, a Xunta de Goberno Local, á vista do informe dos servizos municipais de data 30 de decembro de 2011 asinado por D. Luis González Guerra onde consta que non se detectou ningunha fuga, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Manter a liquidación practicada no padrón de subministro de auga do cuarto trimestre 2011 á vivenda sita no lugar de Zaín núm. 18, parroquia de Rodieiros, por importe de 545,89 €uros ive incluído.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

5.11.- APROBACIÓN FACTURA XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA DE ENVASES LIXEIROS

O 30 de decembro de 2010 asinouse un novo Convenio Marco para a recollida selectiva e reciclaxe de envases entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembalajes España, S.A. (Ecoembes), que ven a substituír ao asinado con data 11 de abril de 2005, e que este Concello está adherido.

De acordo con dito Convenio, as entidades locais recibirán compensacións económicas pola recollida de envases lixeiros e de papel cartón.

No novo Convenio introducese un plus anual variable e un plus fixo pola recollida de envases lixeiros e a facturación por este concepto levarase a cabo de forma anual, unha vez pechado a facturación do ano precedente.

Aos efectos expresados nos apartados anteriores emitíuse por este Concello as seguintes facturas:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 8%	TOTAL
Decembro 2011	1/2012	Plus anual fixo recollida selectiva	659,32	52,75	712,07
Decembro 2011	2/2012	Plus anual variable recollida selectiva	416,11	33,29	449,40

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 1 e 2 a Ecoembes para que procedan a efectuar o seu pago.

Seguidamente pola secretaria dáse conta dos decretos números 436, 437, 443, 446 e 448 correspondentes ao exercicio 2011 e 10, 11, 14, 15 e 17 do presente exercicio 2012 dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:35 horas do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a nove de abril de dous mil doce.=====

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez